

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE FEBREIRO DE 2017

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/857/2016.- BEATRIZ FERNÁNDEZ GALLEGO.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en rúa San Lourenzo nº 50.

RECURSO EXTRAORDINARIO DE REVISIÓN.-

LIC/689/2015.- MANUEL FIDALGO ALDREY.- Rexeitar as alegacións presentadas por d. Manuel Fidalgo Aldrey e toma de coñecemento da alegación presentada por dona Sagrario Fidalgo Aldrey e previamente á adopción do acordo estimatorio do recurso extraordinario de revisión contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.08.2015 polo que se concedeu licenza para recheo e acondicionamento de parcelas en Lugar de Vilacoba a D. Manuel Fidalgo Aldrey deberase remitir o expediente ao Consello Consultivo de Galicia.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar en rúa San Lourenzo nº 50. (LIC/857/2016). Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa ao rexeitamento de alegacións presentadas e toma de coñecemento de alegación presentada no expediente LIC/689/2015; e remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia, previamente á adopción de acordo estimatorio do recurso extraordinario de revisión contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07.08.2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á apertura do prazo para as solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas municipais de Belvís de Abaixo. Acórdase a apertura dun prazo de dez días hábiles para a presentación das solicitudes de renovación da concesión de uso das hortas de Belvís, durante o período que vai do 6 ao 17 de febreiros, ambos incluídos.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao inicio do expediente de expropiación do dereito de uso/habitación da vivenda sita no recinto escolar do CEIP Lamas de Abade, recoñecido por sentenza firme a dona Ana M^a Sixto Santos. Acórdase iniciar expediente de expropiación, por procedemento de taxación conxunta, do dereito de uso/habitación da vivenda sita no recinto escolar do CEIP Lamas de Abade recoñecido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en sentenza firme do 24 de maio de 2012. En aplicación do procedemento de taxación conxunta, apróbase inicialmente o proxecto técnico de expropiación do dereito de uso/habitación no que consta a individualización do dereito a expropiar e a folia de aprecio, e acórdase someter o proxecto a información pública polo prazo dun mes. A maiores, o acordo seralle trasladado individualmente á persoa afectada e á Consellería de Educación, para que poidan presentar alegacións no prazo dun mes a partir da data de notificación.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para cambio de designación do director do contrato do servizo de conservación, reparación, pequena reforma ou ampliación de diversos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á extinción da concesión dunha axuda de carácter social. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa á aprobación do proxecto de ampliación da plataforma do vial de Cañoteira a Outeiro de Marrozos (1ª Fase). Apróbase o proxecto construtivo, que ten por obxecto a mellora do viario para adaptalo ás novas necesidades de tráfico da zona e posibilitar, xunto con outras actuacións vinculadas, o paso dos autobuses do transporte público urbano, xa que a calzada actual é insuficiente. Para iso, o viario pasará a ter un ancho uniforme de seis metros, mellorarase a calidade da capa de rodaxe, e modificarase a rasante en zonas puntuais. A obra conta cun orzamento de 381.049,76 euros, IVE incluído, e un prazo de execución de tres meses.

8.- Proposta da concelleira delegada de Turismo relativa a non suxeición da taxa por ocupación de espazo público da rodaxe do documental "Santiago de Compostela, Patrimonio Mundial" de TVE. Apróbase a proposta

9.- Dar conta da sinatura do acordo de colaboración entre o Concello de Santiago, o IGVS, o IGAPE, a USC, a Asociación Área Empresarial do Tambre e a Cámara de Comercio para a reindustrialización empresarial e a promoción do asentamento de empresas e captación de proxectos de investimento. Dase conta

10.- Dar conta pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do procedemento de regularización anual derivado das incidencias de exercicios anteriores a 2016 detectadas na prestación de horas de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, pola Xunta de Galicia. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á solicitude á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dunha subvención para a dotación de novidades editoriais en galego, en formato físico, con destino á Biblioteca Pública Municipal José Saramago. Apróbase a solicitude da subvención, que poderá ser dun máximo de 3.500 euros.

2.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do orzamento, bases e programación do Entroido 2017. Apróbase a memoria da programación do Antroido, que se celebrará do 25 de febreiro ao 1 de marzo, e o orzamento asociado, que ascende a 65.059,50 euros. Apróbanse tamén as bases de participación no concurso do martes de Entroido, e as bases de participación no festival infantil de disfraces do domingo de Entroido.

3.-Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde, relativo á dación de contas da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago. Dase conta de que a Xunta de Galicia asignou para o financiamento dos servizos sociais comunitarios no ano 2016 unha contía de 246.295,72 euros. A cantidade líquida a percibir ascende a 135.828,97 euros (resultado do total asignado descontado remanente, menos o primeiro anticipo xa librado no primeiro cuadrimestre)

4.-Proposta da concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 206.919,91 euros/ano, máis IVE de 43.452,99 euros/ano.